

X Travesía "Encoro da Ribeira"  
MEMORIAL ANTONIO JOSE VIDAL ZAMORA  
Sabado, 21 de Xullo ás 17.00

PUNTUABLE PARA O CIRCUITO GALEGO DE LONGA DISTANCIA

**ORGANIZACIÓN:**

A X edición da TRAVESÍA A NADO "ENCORO DA RIBEIRA", rexirase polo Código Deportivo e a Normativa de Competicións de Longa Distancia da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

**PARTICIPACIÓN:**

Poderán participar na proba nadadores federados e non federados. Para puntuar no Circuito Galego de Longa Distancia é necesario estar FEDERADO, con licencia en vigor na presente tempada en calquera das disciplinas que integran a FEGAN (Federación Galega de Natación).

**CATEGORÍAS:**

Cat. 1: Masculino Anos 89 e anteriores.	Cat. 2: Feminino Anos 89 e anteriores
Cat. 3: Masculino Anos 90, 91 e 92.	Cat. 4: Feminino Anos 90, 91 e 92.
Cat. 5: Masculino Anos 93, 94 e 95.	Cat. 6: Feminino Anos 93, 94 e 95.
Cat. 7: Masculino (de 25 a 40 anos). Anos do 66 ó 81.	Cat. 8: Feminino (de 25 a 40 anos). Anos do 66 ó 81.
Cat. 9: Masculino (maiores 41 anos). Anos 65 e anteriores.	Cat. 10: Feminino (maiores 41 anos). Anos 65 e anteriores.
Cat. 11: Masculino Anos 96 e posteriores.	Cat. 12: Feminino Anos 96 e posteriores.

**DISTANCIAS:**

Percorrido A: Categorías 1, 2, 3 e 4.	1.500 metros.
Percorrido B: Categorías 5, 6, 7, 8, 9 e 10.	750 metros.
Percorrido C: Categorías 11 e 12.	400 metros.

**PERCORRIDO:**

A saída darase no pantalán do encoro, no orden seguinte: Percorrido C, Percorrido B e Percorrido A. O percorrido A e o percorrido B consistirán nun triángulo con dúas boias de obrigado paso, que os nadadores bordearán deixándoas a súa dereita. O percorrido C consistirá na ida e volta a unha boia que se bordeará deixándoa pola dereita. A meta, debidamente sinalizada estará situada nas escaleiras que dan acceso ó encoro. Únicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta. Os nadadores, entrenadores e delegados dos clubs participantes concentraránse no lugar da proba a partires das 16 horas da tarde para a entrega de documentación.

**INSCRIPCIÓNS:**

As inscricións poderanse efectuar na Piscina Municipal Das Pontes en horario de 8 a 13 horas pola mañá e de 17 a 22 horas pola tarde, ou ben no mesmo lugar da proba ata 1/2 hora antes do comezo da mesma, sendo requisito imprescindible a presentación de calquera documento oficial no que figure a data de nacemento do nadador/a. Asemade, os nadadores non federados menores de 18 anos necesitarán autorización paterna ou materna para inscribirse. Os nadadores que non residan en As Pontes, poden efectua-la súa inscrición chamando á Piscina Municipal de As Pontes, teléfono/fax 981 440643. Nese caso a presentación de documentos realizarase o día da travesía. A inscrición na travesía supón a aceptación do presente regulamento quedando reservado o dereito de admisión. Os dereitos de inscrición son gratuitos.

**DESENVOLVEMENTO DA PROBA E XURADO:**

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición. A efectos de identificación cada participante recibirá da organización un gorro numerado, polo que será necesario acreditar a personalidade con algún documento oficial. Este gorro deberá colocarse antes de comeza-la travesía e non retiralo ata finaliza-la mesma. A organización poderá pecha-la chegada da proba transcurridos 15 minutos dende a chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados á liña de meta. Queda prohibida a utilización de axudas externas coma aletas, frotadores, neoprenos e similares. A Travesía contará en materia de seguridade coa colaboración de Protección Civil, Cruz Vermella, Grupo Xuvenil de Piragüismo e Club Fluvial de Vela.

**PREMIOS:**

- Trofeos para o 1º, 2º e 3º de cada categoría.
- Trofeo ó participante máis xoven e o máis veterán que remate a proba.
- Trofeo ó 1º nadador pontés/a de cada categoría.
- Premio de 400 euros ó gañador/a absoluto da travesía (Percorrido A).
- Premios da categoría 1, 2, 3 e 4: 1º 90 euros, 2º 60 euros e 3º 40 euros.
- Premios da categoría 5, 6, 7, 8, 9 e 10: 1º 70 euros, 2º 50 euros e 3º 35 euros.
- Premios da categoría 11 e 12: Material Deportivo valorado en: 1º 60 euros, 2º 45 euros e 3º 30 euros.

NOTA: Os premios non son acumulables entre si. A tódolos participantes entregaráselles unha camiseta conmemorativa da travesía, un gorro numerado, e ó remata-la proba un chocolate quente cun bolo.